




Basilio Losada / Xosé Castro

BASILIO LOSADA, DE VIVA VOZ

Helena Gonzalez Fernández

Basilio Losada, primeiro catedrático de Literaturas galega e portuguesa na Universidade de Barcelona, foi recoñecido dúas veces como académico pola Real Academia Galega. Nomeárono axiña académico correspondente, en 1969. O galeguismo largaba o aparello para pescar complicitades nas augas revoltas e intensas do tardofranquismo e con este recoñecemento dáballe un pulo á traxectoria universitaria e intelectual de Losada. Contento no seu papel de ponte cultural e axente de escritores cando isto non era unha profesión, o seu despacho na universidade converteuse na embaixada cultural de Galicia, e logo do Brasil e Portugal. Nos últimos anos da súa vida, cando estaba máis dedicado á tradución e ás conferencias, particularmente se o reclamaba a comunidade emigrante, noméano académico de honra da Real Academia Galega, unha das moitas homenaxes que felizmente recibiu en vida. Foino desde 2015 ata o seu pasamento en Barcelona, o 9 de xullo de 2022.

Nacer, nacera na Idade Media, dicía el, na Pobra de San Xiao, un 20 de xuño de 1930, quince anos despois que o seu veciño lancarao Ramón Piñeiro, quen, co seu mestrado socrático, contribuíu de maneira decisiva ao modelado no activismo galeguista daquel xa non tan mozo, que antes entrara en contacto con Xaime Isla e con Francisco Fernández del Riego. A demorada conversa epistolar comeza en 1961 por un intercambio de libros. Piñeiro mandáralle *Lanza de soledá*, de Aquilino Iglesia Alvariño, e mais as *Memorias dun esquelete*, de Castelao. Losada, querendo corresponder, ofréceselle para enviar libros que “non chegan a Galicia”, títulos de matute para lecturas clandestinas ou libros que só se atopaban nas librerías anticuarias. Naquela altura, Losada traballaba na Academia Suíza e xa fora profesor dun veciño seu do barrio do Raval, Manuel Vázquez Montalbán, tamén fillo de emigrantes lancaraos, da parroquia de San Xoán de Muro. Daquela, no Centro Galego de Barcelona (CGB) un grupo de mozos pensaba Galicia con tanta saudade coma compromiso. Dese sentimento naceu unha consciencia que os levaría a ofrecer as primeiras clases de galego. Durante a presidencia do fiscal e escritor Manuel Casado Nieto, asumiu o cargo de secretario do Centro, un lugar mellorado para participar de maneira activa na divulgación da cultura. Nese espazo das Ramblas prende a súa paixón pola cultura galega, que trenzará con traballos diversos para editoriais de Barcelona,

como Caralt ou Noguer, e mais coa docencia na Universidade de Barcelona. En 1975 defende a súa tese de doutoramento sobre Rosalía de Castro, unha escritora que o acompañará ao longo dos anos e á que volveu na súa derradeira lección no ano 2000. Podería ter elixido calquera outra das súas leccións célebres sobre: Fernando Pessoa, o Brasil de Jorge Amado, a lírica medieval, a poesía galega, a arte románica, o camiño de Santiago, Meendiño, as *vangardas dos pobres*...

A súa intensa actividade como publicista da literatura galega convérteno de seguida en antólogo e crítico de referencia da poesía, o que lle permitirá ter contacto directo con poetas de diversas xeracións. Co seu mestre Luís Seoane comparte o interese pola lírica, a emigración e as artes visuais nas moitas viaxes que o pintor facía a Barcelona. De Celso Emilio Ferreiro, con quen aparece nunha foto ben divertida en Venecia, coas cabezas no medio das pombas a voar, preparou a edición bilingüe galego-castelán de *Longa noite de pedra* (José Batlló Editor, 1967). Este libro converteuse nun fito da chamada poesía social e acadou seis edicións en nove anos.

Ao longo do seu percorrido profesional fixo grandes e pequenos traballos sobre a literatura galega nun período no que cumprían cantas mans houber para lexitimala e divulgala en Galicia e Cataluña, en galego ou castelán. E aínda lle sumou as literaturas en portugués. Acompaña a entrada no mercado editorial en castelán de grandes autores como Jorge Amado e José Saramago, amigos seus; tamén Rubem Fonseca, Rachel de Queiroz, Virgílio Ferreira ou José Cardoso Pires. Publica, atención á cifra, case cen traducións de obras literarias do Brasil, Portugal e África. E ademais unha boa presada de traducións desde o galego, o catalán ou o francés. Preparou entradas para enciclopedias, panorámicas, artigos para xornais e limiares para libros diversos. Escribiu infatigablemente crítica literaria apoiando voces novas, participando nos xurados de premios e aínda como editor da colección de poesía Leliadoura, que un emigrante en Barcelona, Olegario Sotelo Blanco, puxo nas súas mans sen condicións e onde contou coa complicidade de Xesús González Gómez. En Leliadoura escribe aqueles prólogos que definen o seu estilo característico: abre cunha afirmación inicial que logo vai petelando entre detalles e xiros inesperados. Cada peza, unha sumaria lección de poesía na que foxe do rigor do entomólogo para pór en valor a beleza, a emoción e o misterio da lírica. Nesas limiares reconécese o estilo oral do recoñecido profesor e conferenciante pero sobre todo a fondura dun lector atento.

A súa capacidade para a fabulación e o seu humor eran a súa tarxeta de presentación. Un dos dous amigos que alimentaron máis e mellor esa faceta súa foron o brasileiro Jorge Amado, a miúdo acompañado da súa compañeira, a escritora Zélia Gattai. O outro, Carlos Casares, que visitaba habitualmente a cidade. Losada e Casares sempre atopaban un oco entre as viaxes dun e doutro para as súas xustas

de narrativa oral, un ir e vir de contos que debían cumprir coas condicións de ter humor e un final con xiro imprevisto. A miúdo eran xustas privadas, reservadas para a mesa do restaurante, porque os dous gozaban por igual dos praceres da mesa e da conversa. Algunha vez o combate foi en público. Moitas outras tiveron lugar no espazo común da Sección de Filoloxía Galaico-Portuguesa onde asistimos como público privilexiado ao pracer de narrar. Tiñamos entrada dobre: torneo e mais adestramento. Porque Basilio entre clase e clase aínda atopaba o tempo para probar connosco un novo conto, unha variante, un xiro... que lle permitise acadar a peza definitiva. Na necrolóxica de Casares, Losada escribe unha frase que se lle pode apoñer a el mesmo. Decía que “poida que unha parte importante da súa obra non a poidamos ler endexamais: era literatura de viva voz”. Este oficio oral callou en dúas ficcións de encargo: o conto “Ero de Armenteira” e a novela *La Peregrina*, con limiar de José Saramago. A ambientación da ficción reunía dúas paixóns de Losada: a Idade Media e o camiño xacobeo.

Nos tempos nos que as universidades publicaban grandes volumes de homenaxe cadrando coa xubilación dun profesor, Isabel de Riquer, Elena Losada e mais eu coordinamos o volume *Professor Basilio Losada. Ensinar a pensar con liberdade e risco* (Publicacions de la Universitat de Barcelona, 2000). Ábrese cunha reunión de amigos: notas e ficcións biográficas de Vázquez Montalbán, Fernández del Riego, Xosé María Álvarez Cáccamo, Suso de Toro... E retratos de Luís Seoane, Prego e Siro López. Moito lle prestou aquela caricatura na que o Siro o debuxa coma un demo detrás dun atril coa man detrás da orella. Andaba xa algo xordo.

Xesús Alonso Montero foi testemuño, terra por medio, do labor de Basilio Losada. Del escribiu algunhas biografías atentísimas e xenerosas que teñen o inmenso valor por compartiren os dous o mesmo tempo desde as lóxicas e inevitables distancias. Aparecen no devandito volume de homenaxe, na resposta ao nomeamento como académico de honra, e nas utilísimas notas repenicadas que fixo cadrando co pasamento de Losada. Pois ben, esas biografías e mais o epistolario con Piñeiro, *Do sentimento á conciencia de Galicia (1961-1984)* (Galaxia, 2009), que editamos María Xesús Lama e mais eu, descubren un *lletraferit* irrepetible que soubo axeitarse aos retos dos tempos. Mentres seguía tomado polo prodixio.

Dr. Losada para os seus discípulos na universidade, Basilio para toda a tropa de galego, a súa memoria queda tamén nun lugar e nun obxecto. O lugar é o Patio de Letras da Universidade de Barcelona, que atravesaba cada día, mesmo antes da alborada, camiño do seu *scriptorium*, onde os libros medraban en vertical, fora en pillas descoidadas ou dispostos en columnas rexas de papel. Naquela foresta escoitaba música, lía, traducía, conversaba e enfiaba os seus textos na máquina de escribir, un trebello que seguiu usando cando xa se convertera nun obxecto pretérito. O son das trécolas resoando no Patio de Letras era outro xeito de escoitar a Basilio Losada, de viva voz.